


A arquitectura do Camiño. O  
románico na Península: a  
Catedral de Santiago...




# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Identificación

- OBRA: Catedral de Santiago de Compostela
- AUTOR: varios
- CRONOLOXIA: 1075-1211
- ESTILO: arquitectura románica de peregrinación


DIMENSIÓNS. 90 lonxitude,  
65 transepto A catedral é  
consagrada no ano 1211



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Contexto ( polo que hai que comezar)

- Santiago de Compostela xurdiu no século IX como núcleo urbano **arredor do sartego do apóstolo**.
- O achado, feito polo eremita Paio no século IX) **foi usado polos monarcas asturianos para consolidar o seu poder político** e serviu para unir a cristiandade fronte ao inimigo común: o Islam.




# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Contexto ( polo que hai que comezar)

Entre os séculos XI e XII, en Galiza ten gran poder a **nobreza eclesiástica** (o arcebispo de Compostela) e



Santiago convértese nun centro urbano próspero, no que todo xira **arredor das peregrinacións**



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Contexto ( polo que hai que comezar)

- Neste contexto **comeza a construción a gran catedral románica** que analizaremos (ou analizamos).
- Unha catedral románica **que hoxe está moi transformada**.
- Comézase en 1075 sobre os restos dunha edificación anterior realizada por Afonso II e destruída por Almanzor.
- O impulsor **foi Diego Peláez** e máis tarde **Diego Xelmírez** (o momento de maior impetu constructivo).
- Remátase en 1188 e será consagrada no ano 1211






# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Contexto ( polo que hai que comezar)

- O edificio sufrirá moitas **modificación no seu exterior** sobre todo na época barroca deixando oculta a construción románica: cegaronse as ventás e eliminouse parte da iluminación.
- As transformacións tamén afectaron ao interior coa inclusión dun baldaquino e a eliminación do coro pétreo de Mestre Mateo

### LA CATEDRAL DE SANTIAGO






# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Cronoloxía

*As datas máis importantes vinculadas coa catedral son:*


- **813 o eremita Paio descobre o sepulcro do apóstolo e comunícao ao bispo de Iria, Teodomiro.**
- **830: Alfonso II inicia a construción da primeira capela sobre o sepulcro.**
- **860-896: Alfonso III e Sinando constrúen a nova basílica en estilo asturiano, prerrománica.**
- **997 razzia de Almanzor, que destrúe a igrexa anterior**



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

- A catedral de Santiago é unha das **máis harmónicas** e grandiosas igrexas románicas de peregrinación.
- En Francia creouse o modelo de igrexa de peregrinación pero será en Santiago onde se acade **o modelo máis perfecto** tanto en trazado como en proporcións e tamén na articulación dos mesmos.




# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

### Función

- A catedral é unha igrexa de peregrinación típica .  
*necesita acoller a multitude de peregrinos, realizar porcesións no interior, ceremonias multitudinarias, celebrar cerimonias simultáneas, facilitar o acceso ás reliquias, etc...*
- Isto xustifica que **dispoña duns elementos que non hai noutras construción románicas** e que lle dán Santiago a súa personalidade



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

### Material

- É un edificio feito **en cantería de granito de alta calidade**, símbolo de perfección.
- Os muros son **grosos** e con vans abucinados.
- Predomina o macizo sobre o van.
- Incluso o tellado era e é de pedra.



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

### Interior

Como vemos na imaxe a comentar estamos a ver o alzado interno da catedral de Santiago

Amósasenos **unha estrutura con dous andares**



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela


## Análise arquitectónica

### Interior

- Destaca a a altura.
- É unha das **construcións románicas máis elevadas**, a **maior igrexa de peregrinación** do Camiño que sería asombro dos peregrinos

O **alzado interno** móstranos unha estrutura **equilibrada** con dous andares ou niveis


- **primeiro nivel** cos arcos formeiros que separan as naves, arcos de medio **punto dobres peraltados** separadas por **piars cruciformes**. Hai columnas que se prolongan ata as bóvedas e empatan cos arcos faxóns.
- **un segundo nivel** no que se aprecia a **ampla tribuna** con ventás xeminadas e columnas pareadas dentro de gran arco de medio punto.





Alzado mostra estrutura equilibrada

Tribuna con  
Ventás xeminadas  
e columnas pareadas



Arcadas  
Medio punto dobles  
peraltados





# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

Interior

Tamén observamos a **cuperta abovedada (de medio canon e achatada)** e os **arcos fajóns** que a percorren






# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

Todo o anterior é un reflexo da planta a Catedral que se caracteriza por:

- **planta** de cruz latina de tres naves . A nave central máis ancha (8m) e alta (22 m).
- **cruceiro amplo** con catro absidiolas.
- **A cabeceira** é ampla con **notable ábsida central**, e **cinco capelas radiais**, sendo a central de testeiro plano.
- ten importante **xirola**
- Aos pés ten nártex con dúas torres que non se conservan na súa totalidade.
- Ten tres grandes portadas



Acada polo tanto o espazo amplo que requiría unha igrexa destas características.


# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

### Cubertas

As **cubertas** que son pétreas hai variedade

- na nave central emprégase a **bóveda de canón** dividida en dez tramos con arcos faxóns peraltados e sostidos por piares. O mesmo se fai na nave central do cruceiro
- nas naves laterais, máis estreitas, recórrese ao uso da **bóvedas de aresta**.
- Na tribuna tamén a cuberta é abovedada, con **bóveda de cuarto de esfera** o mesmo que a maioría dos absidiolos.
- No centro do cruceiro érguese un ciborio con **cúpula apoiada en trompas**.
- Un dos espazos máis complexos para ser cubertos foi a xirola e fixéronse unhas complicadas **bóvedas de aresta entrecruzadas**




# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica



No centro do cruceiro érguese un ciborio con cúpula apoiada en trompas.





# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica

Para sustentar o peso das cubertas úsanse:

- ✓ os **piares cruciformes** que alternan base cadrada e circular




E logo **tribuna, muros e contrafortes** completan a sustentación

# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela


## Análise arquitectónica

en Santiago as ventás eran abundantes e permitían unha máis que considerable iluminación, hoxe perdida polos múltiples engadidos.

- Vans das naves laterais
- Vans da tribuna
- Torre do cruceiro
- Vans dos abisdiolos



As ventás percorrían as naves laterais e complementaban os rosetóns da fachada.



do século XIII, tal como debían quedar o termináranse obras. Existen tamén os muros rematados por ameas e a grande cantidade de capelas erguidas para poder oficiar as múltiples cerimoniais relixiosas que a afluencia de peregrinos demandaba. O emborbo está baseado en varios estudos e descricións, mais non temos datos sobre o seu aspecto exterior. En canto os materiais das cubertas, supúñese de pedra para as naves principais, tellas para as torres e piañara para as capelas, aínda que sería imposible precisar estes datos.

entrada á catedral pola fachada occidental ou principal esculturas de profetas do Antigo Testamento situadas esquerdo do van central do Pórtico. Intencíase realizar orixinal das tallas, policromadas na súa totalidade.

Enbaixo, reconstrución da cabeceira nos primeiros tempos da obra catedralicia, cara a 1115, antes de que se engasase o remate ameado. As capelas sobranceiras ás naves do cruceiro e á xirala estaban consagradas, de dereita a esquerda, a San Nicolás, a Santa Cruz, a Santa Fe, San Xoán Evangelista, O Salvador, San Pedro, San Andrés, San Martiño e San Xoán Bautista. Tocante as torres occidentais, aínda non construídas no momento que reflexa a reconstrución, incluíuse para dar idea de como puideron rematarse antes de que se fíxese o teito definitivo.



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Análise arquitectónica


### Decoración

Nas portadas abundante e nos capiteis de tipo vexetal, historiados e con animais e taqueado xaqués



# LA CATEDRAL DE SANTIAGO

Esto era el aspecto de la catedral que podían contemplar los peregrinos medievales. Hoy, bajo las obras barrocas del exterior, se esconde la auténtica joya del románico español.



**Un siglo de obras.** Con el obispo Diego Peláez se proyecta e inicia, en el último tercio del siglo XI, una obra que restituirá las tradiciones artísticas hispanas convirtiéndolas en el paradigma del estilo románico. Entre 1107 y 1108 los trabajos quedan paralizados por desavenencias entre el obispo y Alfonso VI, y se reanuda bajo la presión de Geltrúx, su que se construyó hasta el paréntesis mismo. En 1140 Fernando II restituye al Maestro Mateo y, bajo su dirección, se construye la cripta sobre la que se asienta el último tramo de las naves y el pórtico entre las dos torres, conformándose así la fachada monumental que, posteriormente quedó oculta por la obra barroca del Obradorero.


Dominicus Fernando Anser

El dibujo de la sección lateral nos permite ver que se trata de un templo de planta cruciforme de tres naves, que se prolonga en sus brazos de los pies, y está cubierto con grutas. Sobre las naves laterales y las del transepto corre una triforia con, a su vez, contrafuertes y torres de los salientes de salida de la nave central y también permite crear unas capillas desde las que las naves abordan a los cultos en las grandes solemnidades.

## SECCIÓN TRANSVERSAL DEL TRANSEPTO



La sección transversal del transepto (superior) nos permite ver el presbiterio, las naves laterales y la triforia con arcos sobre ellas con sus salientes de cuarto de esfera, así como los torres de los salientes y el gran contrafuerte que se sitúa entre el coroado. Para salvar el momento del transepto (inferior), el Maestro Mateo construye una cripta sobre la que se alza la fachada occidental, tras la que se encuentra el pórtico de la gloria con arcadas de grutas, apéritas y cuadrangulares, permitiendo por una vez la triforia.



## SECCIÓN LONGITUDINAL DE LA NAVE CENTRAL Y DE LA CRIPTA (BAJO EL PORTICO DE LA GLORIA)

**CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A  
**IGREJA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,**  
 XUNTO COS EDIFICIOS DO SEU  
**CLAUSTRO**  
 E MAIS O  
**PALACIO ARCEBISPAL**  
**PLANTA**  
 DO NIVEL PRINCIPAL

ESCALA 1:300  
 MEDIDO E DIBUNADO POR KENNETH JOHN CONANT  
 1924



PRAZA DOS LITERARIOS

CHAVE DOS ESTILOS

Românico	
Românico-Gótico	
Gótico	
Renascimento, Barroco	
Moderno	

A QUINTANA

PRAZA DAS PRATERIAS


PRAZA DA INMACULADA

CLAUSTRO


FACHADA DO OBRADOIRO

RUA DE FONSECA


RUA DE SAN FRANCISCO



PRAZA DO HOSPITAL



La Catedral de Santiago está circundada por cinco plazas:  
El Obradoiro, Praterías (Platerías), Quintana, la Inmaculada  
y la Acibechería (Azabachería)



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Exterior

Na actualidade **o exterior** está moi modificado e case non atopamos elementos románicos.


*Desde o XVII e XVIII fixéronse moitas modificación nela: a fachada do Obradoiro de Casas e Novoa, a fachada de Acibecheira...so Praterías conserva o aspecto de cando foi feita*



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Conclusión

Como xa se dixo ao principio Compostela é un dos mellores exemplos de contrución románica e a mais harmónica das igrexas de peregrinación.



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

Está feita de múltiples influencias :

- **Prerrománica** como nos contrafortes, peralte de arcos, absidiolo central cadrado..
- **Musulmana** como nos arcos lobulados
- **Francesa**, na estrutura con xirola e tribuna


Novidades que presenta:

- ✓ Creación dun **amplísimo espazo**
- ✓ **Peralte dos arcos**
- ✓ **Xeneroso triforio** que introduce a luz, esvelteza, funcionalidade, iluminación...

# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

Para concluír insistir na **harmonía construtiva e perfecta correlación (proporción) matemática** entre todas as súas partes.

*(a anchura da nave central é dobre que laterais, o transepto é igual á distancia entre pés e cruceiro)*





# Gran unidad estilística




# Fases constructivas

A construción desta obra foi o resultado dun longo período, no que alternaron momentos de inactividade, e no que interviron distintos autores e promotores:

**Quen son os autores?** *na imaxe probablemente vexamos a segunda fase constructiva*

A construción desta obra foi o resultado dun longo período, no que alternaron momentos de inactividade, e no que interviron distintos autores e promotores:

- **1º fase:** na que se realizou a cabeceira foi por encargo de **Diego Peláez** con Bernardo o Vello e Roberto ( e 50 canteiros)
- 
- **2º fase:** arredor do 1100 na que o promotor foi **Diego Xelmirez**, e con Bernardo o Xove, o momento de maior impulso. Foi unha das etapas constructivas máis fructíferas xa que se realizou o transepto ata chegar aos pés da catedral. **Etap**a caracterizada por **PUREZA FORMAL e máis altura.**
- 
- **3º fase:** o remate final e na que traballou o Mestre Mateo por encargo do monarca Fernando II. É o momento culminante coa realización do Pórtico da Gloria cunha linguaxe nova ( protogótica)



1075.- Bernardo  
O Vello


1100.-Estevo e  
Bernardo o Novo

1168.-Mestre Mateo

A pesar desta etapas o resultado final é de


**Gran unidade estilística**

ARCOS SEN REFORZO



ARCOS CON REFORZO

PORTA VIA SACRA



ÓCULO

VENTÁ

PORTA



TRES CAPELAS

PARTE DA XIROLA  
E CUBERTA

CLARA INFLUENCIA  
FRANCESA

BÓVEDAS SEN REFORZO

CAPITEIS FIGURADOS



ÓCULO

VENTÁ


PORTA


# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Primeira fase: 1075-1088

- **Bispo: Diego Peláez** *que tras ser destituído ralentizaronse as obras*
- **Monarca: Alfonso VI** de Castela- León
- **Mestres: Bernardo o Vello, Roberto e 50 canteiros** (recollen influencias das obras románicas hispánicas e francesas)
- **Obra:** parte da **cabeceira con tres capelas centrais e o comezo da xirola**. O muro é organizado cun esquema de alternancia de ocos ( porta, ventá, óculo). Moi francés.

Bóvedas sen arcos de reforzo





Capiteis vexetais repetitivos

Decoración austera

Pureza formal



# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Segunda fase: 1093-1105 / 1109-1122


- Recibe un maior impulso grazas a contar con recursos económicos importantes.


- **Bispo: Diego Xelmírez**
- **Mestre: Estevo e Bernardo o Xove.**

as formas son máis elevadas e os espazos máis amplos e as bóvedas reforzadas con arcos.

- **Obra: resto da xirola e inicio do cruceiro.** Bernardo o Xove, que remata as obras colocando as cubertas e portas do transepto. **Tamén se constrúe a nave central, sete tramos, ata as proximidades do Pórtico da Gloria..**

Neste período destaca un feito: *Incendio da catedral en 1117 debido as revoltas dos burgueses contra Xelmírez*






# A arquitectura do Camiño: Santiago de Compostela

## Terceira fase: 1168-1188

- **Mestre: Mateo e o seu obradoiro**
- **Monarca: Fernando II**
- **Obra: remate da catedral: os tres últimos tramos da catedral e o Pórtico da Gloria e os seus alicerces (cripta) e mellora a porta occidental**
- Unha das aportacións máis orixinais e importantes realizada polo mestre Mateo e o seu obradoiro é o remate da catedral coa cripta e o inconfundible Pórtico da Gloria onde se avanza xa o estilo gótico e a tribuna. Tamén fixo o coro pétreo que estivo na nave central ata 1604.



# Contextualización

Arredor do ano Mil Europa entra nunha nova etapa da súa historia.

Vívese **un momento de estabilidade** tras as invasións do pasado (sarracenos, normandos) co que se favoreceu o **desenvolvemento demográfico e a roturación** de novas terras.



Neste contexto hai **un renacemento da actividade artística** que vai dar lugar a aparición dun **estilo unitario** nun territorio que é Europa e que está politicamente fragmentado.



Pódese dicir que **é o primeiro estilo internacional** que se desenvolve en Europa desde a caída do imperio romano.





# Contextualización

*Establécense tradicionalmente tres etapas:*

- *primeiro románico: dende o X*
- *románico pleno: XI e XII*
- *Tardorrománico, CISTERCIENSE, PROTOGÓTICO: XII e XIII*



PRIMEIRO ROMÁNICO



ROMÁNICO TARDÍO,  
PROTOGÓTICO



ROMÁNICO PLENO

As **circunstancias** que fixeron posible a súa aparición foron:



### 1.- A fin do terror ao ano mil

cando toda Europa está deseosa de **agradecer a Deus o non ter desaparecido**. Iste sentimento de piedade manifestouse na arte coa **proliferación de construcións** relixiosas en acción de grazas: mosteiros, igrexas, catedrais e castelos erguéronse por toda Europa



# Contextualización

**2.-A Expansión monástica:** os mosteiros das ordes relixiosas, que custodian reliquias (coma os Bieitos) abroiaron por toda Europa, como os fundados pola poderosa Orde de Cluny, estendendo a linguaxe arquitectónica románica.

Estes mosteiros acadaron un gran poder económico e prestixio.

## Los monjes

Durante la Edad Media el clero regular estaba compuesto por los sacerdotes que vivían en conventos y conformaban las distintas órdenes religiosas. Su intervención en la vida medieval fue decisiva en este período, ya que gracias al trabajo de los regulares fue posible el desarrollo de la enseñanza, la conservación de escritos clásicos, la asistencia social y el nacimiento de la medicina moderna que deriva de los hospitales surgidos en el medioevo.




▲ Monje cisterciense

▲ Fraile franciscano

▲ Cartujo

▲ Dominico



# Contextualización

## 3.-As peregrinacións:


incrementadas polo culto ás reliquias e o sentimento de piedade;

había tres destinos Xerusalén, Santiago e Roma.

Foron un elemento que contribuíu a difusión da arte románica e a unificalo.


Os camiños de peregrinacións son difusores artísticos e culturais.

**As Cruzadas** tamén van favorecer a expansión do Románico



# Contextualización

Todo isto sucede dentro do marco do **Sistema feudal ou feudalismo** que estaba vixente en Europa nese momento, no que **os privilexiados** (nobreza e clero) teñen o **poder político, económico e relixioso** e os converte nos mecenas artísticos da arquitectura e máis tarde, co desenvolvemento urbano, nos promotores da construción das catedrais.





PEREGRINACIONES



ORDES RELIXIOSAS

PODER DA IGREXA



FIN DO TERROR AO ANO MIL

FEUDALISMO

*Pirámide social en la Edad Media*

El primer elemento de la sociedad medieval era el rey. Le seguían sus vasallos (duques, condes y altos prelados), quienes recibían los servicios de personas más modestas.





